

COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de xaneiro 2021**

Ás 17.05 horas do día 21 de xaneiro de 2021, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339664>), coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Luz Doporto Real

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Margarita Pérez Fernández

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste a deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 10 DE DECEMBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 10 de decembro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 10 de decembro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, pregunta polo número de axudas outorgadas pola Deputación de Ourense para os acabados de nacer na provincia de Ourense, supón que o dato estará pechado e o crédito non se esgotaría. Gustaríalle acceder a ese dato concello por concello e á totalidade das axudas que se outorgaron á natalidade.

A presidenta da comisión sinala que esta semana aínda se pechou a última quincena das solicitudes de decembro de 2020. Non ten estes datos aquí para darlle resposta. Di que lla fará en canto se peche o ano e sexa posible, e manifesta que se lles trasladará tamén ao resto dos grupos.

Dona Marga Pérez Fernández, do Grupo Socialista, pregunta por un expediente de contratación do seguro de asistencia sanitaria para o persoal e cargos representativos da Deputación de Ourense que figura na Plataforma de contratación do Estado. Pregunta cal é a necesidade da contratación deste seguro sanitario, en que consistirá, e que prestacións terá este seguro. Pregunta se foi consensuada a súa contratación cos sindicatos e o custo que vai ter, xa que o contrato é para os anos 2021, 2022 e 2023. No título fálase de persoal da Deputación, entenden que sexan os traballadores. Fala tamén de cargos representativos, e consulta se abarca aos deputados e deputadas. Se é así, pregunta porque non se consensuou cos deputados de Grupo Socialista, xa que non teñen ningún interese en estar cunha cobertura dun seguro sanitario privado.

A presidenta da comisión indica que toma nota desta pregunta que se formula e da que non dispón neste momento de información para poderlle dar resposta é se lle enviará a resposta

polas vías oportunas como se ven facendo tan pronto se poda obter a información que se nos solicita.

E, ás 17.15 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.